

Plan Anual de Formación do Profesorado

2011

2012



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Táboa de contidos

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011

2012



1	NORMAS XERAIS	
	1.1. Criterios de admisión	8
	1.2. Criterios para a avaliación das actividades	9
	1.3. Certificación	11
2	CONVOCATORIAS	
	2.1. Licenzas por estudos	14
	2.2. Reintegros individuais	14
	2.3. Programa PALE e outras actividades	15
	2.4. Calidade e mellora dos resultados educativos	16
	2.5. Bibliotecas escolares	17
3	PROGRAMAS EUROPEOS	
	3.1. Programa de Aprendizaxe Permanente	20
	3.2. Accións descentralizadas do Programa de Aprendizaxe Pêrmanente	20
	· Comenius	
	· Leonardo da Vinci	
	· Grundtvig	
	· Erasmus	
	· Visitas de Estudo	
	· Iniciativas	
	3.3. Proxectos lingüísticos	28
	3.4. Proxecto eTwinning	28
4	FORMACIÓN EN CENTROS	
	4.1. Proxectos de formación e asesoramento en centros. 2011–2012	32
	4.2. Convocatoria de grupos de traballo. 2011–2012	46
	4.3. Convocatoria de seminarios permanentes. 2011–2012	58

5

ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS POLO CAFI

4.1. Actividades de formación presencial	69
4.2. Actividades de formación a distancia	76

6

ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLVIDAS POLOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS (CFR)

6.1. CFR da Coruña	88
6.2. CFR de Ferrol	93
6.3. CFR de Lugo	95
6.4. CFR de Ourense	101
6.5. CFR de Pontevedra	104
6.6. CFR de Vigo	109

7

ACTIVIDADES FORMATIVAS DO PROXECTO ABALAR

7.1. Esquema da formación do proxecto Abalar	113
7.2. Actividades do proxecto Abalar do CAFI	115
7.3. Actividades do proxecto Abalar do CFR da Coruña	122
7.4. Actividades do proxecto Abalar do CFR de Ferrol	124
7.5. Actividades do proxecto Abalar do CFR de Lugo	130
7.6. Actividades do proxecto Abalar do CFR de Ourense	134
7.7. Actividades do proxecto Abalar do CFR de Pontevedra	137
7.8. Actividades do proxecto Abalar do CFR de Vigo	141

9

INSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES

146

9

ENDEREZOS DE INTERESE

148

1

Normas xerais das actividades de formación

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011
2012



1.1 CRITERIOS DE ADMISIÓN

Para un correcto desenvolvemento das accións formativas, cómpre establecer unhas normas básicas que sexan de aplicación en todas as actividades, segundo o capítulo III da Orde do 1 de marzo de 2007 (DOG nº. 70, do 11 de abril, páxina 5.650).

Os criterios xerais de prioridade que se terán en conta para a selección e a admisión de maneira individual de participantes aplicaranse conforme a orde en que figuran a continuación:

- Pertencer ao ámbito do Centro de Formación e Recursos ou demarcación específica sinalada na convocatoria da actividade.
- Estar impartindo a etapa, a materia, a área ou o ciclo aos que vai destinada a actividade de formación.
- Ser persoa funcionaria de carreira, funcionaria en prácticas, persoal interino, persoal laboral ou contratado.
- Pertencer ao profesorado de centros privados concertados sostidos con fondos públicos
- Distribución proporcional entre o profesorado de educación infantil, primaria e secundaria, no caso de actividades destinadas a todos os niveis.
- Proximidade do centro de traballo á localidade de celebración, no caso de actividades que se repitan en diferentes comarcas.
- Non estar participando ou ter confirmada a admisión noutra actividade, presencial ou de teleformación na Plataforma de Teleformación de Galicia, PLATEGA, que coincida, na súa totalidade ou en parte, coa actividade solicitada.
- Non ter participado na mesma actividade en anos anteriores.
- Aqueloutras criterios específicos sinalados na convocatoria da actividade.
- Antigüidade no corpo.

O profesorado seleccionado para a actividade recibirá un correo electrónico na súa conta corporativa (____@edu.xunta.es) e necesariamente deberá confirmar ou renunciar, dentro do prazo indicado, a súa participación na actividade a través do Sistema de Xestión da Formación do Profesorado (www.edu.xunta.es/fprofe).

Se unha persoa admitida nunha actividade de formación, por calquera motivo, non pode asistir, debe comunicalo, coa maior urxencia posible, á asesoría do Servizo de Formación do Profesorado ou do Centro de Formación e Recursos que coordine a actividade, para non lles causar prexuízo a outros profesores ou profesoras en lista de reserva. Se non comunica a súa renuncia, será penalizado coa exclusión de calquera actividade de formación durante o presente plan anual de formación.

Non poderá participar en actividades de formación permanente o persoal docente en situación de baixa ou de incapacidade laboral transitoria.

No caso de se produciren baixas nunha actividade e o número de asistentes non superar o 50% das prazas ofertadas, a actividade suspenderase. Esta incidencia deberáse comunicar á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, á que pode acompañar a proposta dunha nova actividade que a substitúa.

Pola asistencia a actividades de formación poderánselle pagar bolsas de axuda para desprazamentos aos profesores e ás profesoras que teñan o seu centro de destino a máis de 50 quilómetros do lugar de celebración da actividade, sempre que o seu domicilio particular estea tamén a unha distancia superior aos 50 quilómetros. Para o pagamento das devanditas bolsas, o lugar de referencia será o centro de destino.

1.2

CRITERIOS PARA A AVALIACIÓN DAS ACTIVIDADES

Tal como se indica na Orde do 1 de marzo de 2007 (DOG nº. 70, do 11 de abril), todas as actividades de formación deben ser avaliadas co fin de tomar decisións sobre a mellora das accións formativas. Porén, á hora de planificar a avaliación, non podemos esquecer que o plan de formación non se limita a unha sucesión de actividades senón que supón optar por unhas determinadas estratexias de acción que se consideran as máis adecuadas para cada contexto. Por iso, haberá que valorar a coherencia interna do propio plan comprobando a relación entre todos os elementos, a súa relevancia, é dicir, a importancia de todo aquilo que se inclúe na planificación, e a viabilidade das accións propostas.

Canto á avaliación das actividades concretas, esta debe afectar a:

- Deseño e organización da actividade.

- Participantes na actividade: relatores, asistentes e asesor ou asesora.
- Contidos, metodoloxía e recursos.
- Consecución de obxectivos.

A avaliación realizarase en tres fases:

Fase previa:

Afecta á planificación da actividade. Nesta fase cómpre coñecer as expectativas e as necesidades sentidas polo profesorado participante, así como os seus coñecementos previos, para poder axustar a intervención das persoas relatoras ás condicións dos asistentes á actividade. Para isto, realizarase a avaliación da actividade a través do Sistema de Xestión da Formación do Profesorado (<http://www.edu.xunta.es/fprofe>) cos recursos proporcionados pola aplicación informática.

Fase presencial:

Afecta á realización da actividade. Debería achegar a información necesaria sobre a metodoloxía empregada, os materiais utilizados, a coordinación entre os distintos relatorios, etc., que permita retroalimentar todo o proceso e mesmo servir para a programación de futuras actividades formativas.

Fase final:

Afecta ao logro dos obxectivos da actividade. Desta fase deberase derivar un coñecemento profundo sobre a adquisición de novas capacidades e coñecementos por parte das persoas asistentes e sobre as posibles repercusións da actividade formativa na práctica docente. Tratarase de ver o impacto real ou o cambio producido no contorno do docente logo de ter asistido a unha actividade de formación.

As persoas responsables da organización de cada actividade formularán esta fase avaliadora, tendo en conta os seguintes criterios:

- Comprobación da asistencia ás actividades.
- Verificación da realización por cada asistente das tarefas e dos traballos propostos durante o desenvolvemento da actividade.
- Análise da memoria individual elaborada por cada asistente, cando proceda.
- Proposta da acta de certificación correspondente.

En todo caso, á hora de avaliar os proxectos de formación e asesoramento en centros, grupos de traballo e seminarios permanentes, o asesor ou a asesora que

coordina a actividade deberá establecer as estratexias e aplicar os instrumentos adecuados (memorias, observación, realización de traballos, etc.) que permitan comprobar o grao de aproveitamento e os coñecementos e destrezas adquiridos por cada un dos participantes na actividade. Os resultados desta avaliación teranse en conta á hora de tomar decisións sobre a emisión de certificados, publicación de materiais elaborados, concesión de axudas económicas para futuros proxectos, etc.

1.3 CERTIFICACIÓN

Segundo a citada Orde do 1 de marzo de 2007 (DOG nº. 70, do 11 de abril), ao remate de cada actividade, o profesorado asistente recibirá unha certificación. Para a súa expedición terase en conta:

- A participación activa nas fases presenciais e a execución das diversas tarefas programadas para as fases non presenciais.
- Nas fases presenciais establecerase un sistema de comprobación da asistencia, que será obrigatoria nun 85% da súa duración total.
- Os asistentes unicamente poderán recibir a certificación que acredite a superación da actividade.

2

Convocatorias

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011

2012



2.1 LICENZAS POR ESTUDOS

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no artigo 105, dispón que a administración educativa convocará o desenvolvemento de licenzas retribuídas coa finalidade de estimular a realización de actividades de formación e de investigación e innovación educativas que revertan en beneficio directo do propio sistema educativo. En consecuencia, ofértase esta modalidade formativa de longa duración para favorecer que o profesorado reforce, complete ou actualice a súa formación inicial ampliando a formación na súa especialidade, potenciando a súa formación nas linguas estranxeiras no exterior, realizando proxectos de investigación, elaborando materiais didácticos, e mesmo acadando unha nova titulación.

A convocatoria para o curso académico 2011-2012 está regulada pola Orde do 18 de maio de 2011 (DOG do 3 de xuño de 2011) onde se especifican os requisitos que deberán reunir os candidatos, así como as modalidades ofertadas, a documentación requirida e o proceso selectivo.

Ademais das licenzas non retribuídas, a oferta é de 344 licenzas retribuídas divididas en 3 modalidades, cunha duración trimesral ou bimensual segundo a modalidade. Cabe salientar que os docentes que gozaran dunha licenza retribuída hai como mínimo oito anos poderán volver a solicitala.

Teléfono de contacto: 981546510.

2.2 REINTEGROS INDIVIDUAIS

Cos reintegros individuais preténdese apoiar e axudar o profesorado para facilitarlle a realización de actividades de formación libremente elixidas por el.

A convocatoria do ano 2011 foi publicada no DOG do 20 de maio de 2011, Orde do 29 de abril de 2011. Os módulos máximos que recolle a convocatoria son os que se especifican deseguido:

Tipo	Importe
Comunidade galega	250 €
Resto do territorio nacional	400 €
No estranxeiro	800 €

Poderá solicitar estas axudas o profesorado de niveis non universitarios con destino en centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en equipos de orientación específica, os profesores e profesoras adscritos ás estruturas de formación do profesorado, así como os membros da inspección educativa dependentes desta comunidade autónoma e sempre que para a asistencia á mesma actividade non perciban axudas de ningún tipo e que non recibisen reintegros individuais nas dúas últimas convocatorias (anos 2009 e 2010).

Os reintegros concederanse para actividades de formación directamente relacionadas coa disciplina, área, ciclo ou especialidade que imparta a persoa solicitante.

Teléfono de contacto: 981546510.

2.3

PROGRAMA PALE E OUTRAS ACTIVIDADES

Convócanse para o ano 2011 e por décimo cuarto ano consecutivo actividades de formación do profesorado no estranxeiro e en España especialmente deseñadas para todo o profesorado. Cabe destacar que nesta edición se conxugan nunha única convocatoria o programa PALE e as actividades formativas no estranxeiro.

Estas actividades responden á prioridade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de mellorar a competencia lingüística e comunicativa dos seus docentes, así como a súa actualización metodolóxica e didáctica no ensino das linguas estranxeiras.

A convocatoria destas actividades publicouse no DOG do 5 de abril e nela fíxanse as condicións de participación e de concesión. A información para a tramitación das solicitudes e sobre o proceso de selección está dispoñible no portal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, no enderezo web: www.edu.xunta.es/pale.

As actividades realizaranse no verán do 2011, agás aquelas de integración, que se desenvolverán no primeiro trimestre do curso 2011-2012.

PALE		
1.1. PALE. Inglés en infantil	15	Reino Unido (3 semanas)
1.2. PALE. Inglés en primaria	15	Reino Unido (3 semanas)
1.3. PALE. Inglés para profesorado CLIL de secundaria/FP	45	Canadá ou Estados Unidos (3 semanas)
1.4. PALE. Francés para profesorado CLIL de secundaria/FP	10	Francia (3 semanas)
1.5. PALE. Inglés para profesorado CLIL de primaria	10	Reino Unido (3 semanas)
2.1. PALE. Integración para profesorado de inglés de secundaria	10	Canadá (4 semanas)
2.2. PALE. Integración inglés para profesorado CLIL de secundaria	25	Canadá (4 semanas)
2.3. PALE. Integración inglés para profesorado CLIL de primaria	15	Canadá (4 semanas)
OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS		
3.1. Inglés oral para profesorado especialista	30	España (1 semana)
3.2. Francés para profesorado especialista	10	Francia (2 semanas)
3.3. Inglés para profesorado non especialista	140	España (1 semana)
3.4. Francés para profesorado non especialista	30	Francia (2 semanas)
3.5. Lingua portuguesa	10	Portugal (2 semanas)
3.6. Lingua alemá	5	Alemaña (2 semanas)

Teléfono de contacto: 981 957 538/ 981 546 544/ 881 997 497.

Enderezo email: formaes@edu.xunta.es

2.4

CALIDADE E MELLORA DOS RESULTADOS EDUCATIVOS

Plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación

A convocatoria ten como finalidade fomentar prácticas da autoavaliación dos centros educativos de titularidade da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e o establecemento de plans de actuación propios xestionados de maneira autónoma. Para iso, os centros realizan unha avaliación interna sobre o grao de desenvolvemento das competencias básicas descritas no currículo, e

propoñen un plan de actuación consecuente coa avaliación realizada para tratar de optimizar ou mellorar as áreas de traballo seleccionadas.

Estes plans contan cos seguintes apoios: dotación orzamentaria, asesoramento por parte dos CFR, seguimento por parte da inspección educativa e certificación para os participantes e a persoa coordinadora.

A convocatoria deste ano régúlase pola Orde do 13 de maio de 2011 (DOG do 27) pola que se convoca a selección de plans de autoavaliación e mellora da calidade da educación en centros educativos para o curso 2011-2012.

2.5

BIBLIOTECAS ESCOLARES

Plan de mellora de bibliotecas escolares

O obxectivo do programa é a implantación dun modelo de biblioteca escolar concibida como centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe, cunha xestión centralizada dos seus fondos para un mellor aproveitamento destes; unha biblioteca que facilite o uso de fontes documentais diversas para o tratamento dos contidos curriculares, integre plenamente as TIC, participe activamente no deseño e práctica do proxecto lector de centro e favoreza o seu uso por parte de toda a comunidade educativa. As actividades de fomento da lectura e de educación en información deben constituír a base da dinamización da biblioteca.

Mediante convocatoria anual selecciónanse proxectos de mellora da biblioteca escolar que inciden nos aspectos sinalados e que contan co compromiso e a aprobación da comunidade escolar, co fin de garantir unha resposta axeitada ás súas necesidades en materia de información e lectura, así como a estabilidade das iniciativas que se programan. Os centros que se inclúen neste programa reciben contías destinadas á renovación da colección, do equipamento audiovisual e do mobiliario. Dende a primeira convocatoria, correspondente ao curso 2005/2006, fóronse integrando centros de distintos niveis educativos, de xeito que na actualidade este programa inclúe un total de 374 centros, presentándose un total de 449 para o curso 2011-2012. Convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

3

Programas europeos

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011

2012



3.1 PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE (PAP)

O programa de Aprendizaxe Permanente é un programa de acción comunitaria adoptado na Decisión nº 1720/2006/CE do Parlamento Europeo e do Consello de Europa, do 15 de novembro de 2006, e aplicarase ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2007 e o 31 de decembro de 2013.

ESTRUTURA

COMENIUS ERASMUS LEONARDO GRUNDTVIG

PROGRAMA TRANSVERSAL: Visitas de estudo para expertos en educación.

INICIATIVAS: Estancias profesionais, Becas do Consello de Europa, Cursos internacionais de formación.

Teléfono: 981 566 545

3.2 ACCIÓNS DESCENTRALIZADAS DO PROGRAMA DE APRENDIZAXE PERMANENTE

COMENIUS

O programa Comenius vai dirixido a atender as necesidades de ensino-aprendizaxe de todos os participantes dende educación infantil ata educación secundaria, así como das institucións ou organizacións que imparten esta formación.

Accións

1. Mobilidade individual:

- Mobilidade de Alumnado Comenius (MAC).
- Formación continua do persoal educativo.
- Visitas preparatorias e Seminarios de contacto para establecer asociacións escolares.
- Axudantes Comenius.

- Acollida de axudantes Comenius.

2. Asociacións:

- Asociacións escolares Comenius.
- Asociacións escolares Comenius-Regio.

3. Accións centralizadas:

- Proxectos multilaterais.
- Redes multilaterais.
- Medidas de acompañamento.

Destinatarios

- Persoal educativo de centros docentes non universitarios: profesorado, membros de equipos directivos, inspectores, asesores, orientadores, persoal non docente que traballa con alumnos en risco de exclusión, con necesidades especiais, en programas de educación intercultural, etc.
- Futuros profesores.
- Centros docentes que imparten ensinanzas de réxime xeral e de réxime especial, agás as escolas de idiomas.
- Alumnado de centros educativos, bardante os universitarios e os que cursan ciclos formativos de Grao Medio e Superior.
- Autoridades rexionais ou locais con responsabilidades en educación.

LEONARDO DA VINCI

Este programa vai dirixido a atender as necesidades de ensino-aprendizaxe de todos os participantes en Formación Profesional, excepto os de nivel terciario, así como as institucións ou organizacións que facilitan esta educación.

Accións

1. Proxectos de mobilidade:

- Estadías transnacionais en empresas ou institucións para os estudantes de formación profesional inicial. Non pertence a este grupo o alumnado de Ciclos Formativos de Grao Superior nin o de formación ocupacional. (IVT)

- Estadías transnacionais en empresas ou institucións de formación para as persoas pertencentes ao mundo laboral. (PLM)
- Estadías e intercambios para profesionais da formación profesional. (VE-TPRO)

2. Proxectos multilaterais:

- Proxectos multilaterais para a transferencia da innovación.
- Proxectos multilaterais para o desenvolvemento da innovación (acción centralizada).

3. Asociacións Leonardo

4. Visitas preparatorias e Seminarios de contacto

Destinatarios

- Estudantes pertencentes a todo tipo de institucións de Formación Profesional.
- Traballadores.
- Institucións e organizacións que imparten formación nos sectores obxecto do Programa.
- Profesores, formadores e outras categorías de persoal destas institucións.
- Asociacións relacionadas coa Formación Profesional e os seus representantes.
- Empresas e representantes sociais e laborais, incluídas as Cámaras de Comercio e outras organizacións comerciais.
- Centros de investigación e organismos que proporcionan servizos de información, guía e asesoramento relacionados coa aprendizaxe permanente.
- Persoas e organismos responsables dos sistemas de formación profesional.
- Institucións de Educación superior, institucións sen ánimo de lucro e ONGs.

GRUNDTVIG

O programa Grundtvig está dirixido a atender as necesidades de ensino-aprendizaxe de todos aqueles implicados na educación das persoas adultas en calque-

ra das súas modalidades, así como a todas as institucións e organizacións que proporcionen esta ensinanza.

Accións

1. Mobilidade individual:

- Visitas e intercambios para o persoal educativo de persoas adultas.
- Axudantes Grundtvig.
- Formación continua do persoal educativo de persoas adultas.
- Visitas preparatorias para o desenvolvemento de asociacións de aprendizaxe.
- Seminarios (organización e participación).
- Proxectos de voluntariado para persoas maiores.

2. Asociacións de aprendizaxe

3. Accións centralizadas:

- Proxectos multilaterais.
- Redes temáticas.

Destinatarios

- Institucións de educación de persoas adultas en calquera das súas modalidades (formal, non formal ou informal).
- Persoal educativo de centros que proporcionen educación de persoas adultas: profesores, formadores, asesores, inspectores ou membros de equipos directivos, especialmente en contextos interculturais, que traballen con persoas inmigrantes ou con alumnado con necesidades educativas especiais ou en risco de exclusión social.
- Futuro profesorado de educación de persoas adultas.
- Alumnado de institucións de educación de persoas adultas.

ERASMUS

O obxectivo do programa Erasmus é atender as necesidades de ensino-aprendizaxe dos participantes en Educación Superior formal e Grao Superior de formación profesional. Por medio deste programa e das súas accións trátase de reforzar a contribución destes sectores educativos ao proceso de innovación e

facilitar o desenvolvemento de prácticas innovadoras en educación e formación, así como a súa transferencia, incluso dun país participante a outros.

Accións

- Mobilidade de estudantes
- Estudantes en prácticas
- Mobilidade docente
- Formación de persoal
- Organización da mobilidade
- Programas intensivos
- Cursos intensivos de idiomas
- Visitas preparatorias

Destinatarios

- Estudantes e persoas en formación que cursen calquera forma de ensino e formación de Grao Superior.
- Profesorado, formadores e demais persoal desas institucións.
- Organismos públicos e privados, responsables de organizar e impartir educación e formación a nivel local, rexional e nacional.
- Organismos que prestan servizos de orientación, asesoramento e información.

VISITAS DE ESTUDO

As visitas de estudo forman parte do Programa Transversal do Programa de Aprendizaxe Permanente (PAP), e teñen como obxectivos específicos a promoción da cooperación europea, o intercambio de información e experiencias entre especialistas educativos e de formación profesional en áreas de interese común para os países participantes no PAP. Trátase de pequenas reunións, de entre 8 e 15 expertos, nunha determinada lingua de traballo.

Accións

- 1.-Participación
- 2.-Organización

Destinatarios

Calquera persoa experta en educación e formación profesional, podendo axustarse o seu perfil profesional a algún dos seguintes: representantes de autoridades educativas locais, autonómicas e nacionais; membros dos equipos directivos de institucións e centros educativos e de formación; directores e directoras de centros de orientación e avaliación; responsables de departamentos didácticos e profesionais; persoal formador do profesorado; membros do corpo de inspección; representantes de asociacións de educación e de formación; asesores e asesoras pedagóxicos; representantes de servizos educativos, oficinas de emprego ou centros de orientación; directores e directoras de recursos humanos; representantes de cámaras de comercio e industria; representantes de organizacións empresariais e de sindicatos; xerentes de PIMEs; persoal investigador.

INICIATIVAS

Accións

1.-Estancias profesionais:

O Ministerio de Educación, no marco do incremento da mobilidade dos profesionais da educación e da apertura dos centros escolares cara a Europa, crea un programa de estadias dirixido a profesionais en cooperación con Francia, Alemaña, Austria, Suíza e Reino Unido, a través de distintos Convenios Bilaterais de Cooperación Educativa.

2.-Becas do Consello de Europa:

Programa para a formación continua dos profesionais da educación que vai dirixido ao profesorado e técnicos do sistema educativo de niveis educativos non universitarios que estean a traballar en temas relacionados cos cursos que vaian solicitar.

3.-Cursos internacionais de formación:

Esta acción inclúe cursos convocados polo Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPPE) en colaboración coa Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) e dirixidos a profesionais de Educación Primaria e Secundaria así como a directores de centros educativos e administradores da educación.

Para máis información sobre as distintas accións:

Programas Educativos Europeos

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n.

15781 Santiago de Compostela

Tel: 981 54 65 45 / Fax: 981 54 65 51

Enderezo electrónico: programas.europeos@edu.xunta.es

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/web/programaseuropeos>

Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos

Paseo del Prado, 28. 28014 Madrid

Tel: 91 506 56 85 / Fax: 91 506 56 89

Enderezo electrónico: oapee@oapee.es

Páxina web: <http://oapee.es/>

Comisión Europea

Dirección Xeral de Educación e Cultura

Rue da Loi 200 (Belliard 7)

B-1049 Bruxelles

Páxina web da Comisión Europea: <http://europa.eu/>

Páxina web da Dirección Xeral de Educación e Cultura:

http://ec.europa.eu/dgs/education_culture/index_en.htm

Páxina web específica sobre educación: http://ec.europa.eu/education/index_en.htm

Comenius na Comisión Europea

http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme/doc84_en.htm

Leonardo na Comisión Europea

http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme/doc82_en.htm

Grundtvig na Comisión Europea

http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme/doc86_en.htm

Erasmus na Comisión Europea

http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme/doc80_en.htm

Europass: <http://europass.cedefop.europa.eu/>

Centro Nacional Europass: <http://www.educacion.es/europass/>

CEDEFOP. Centro Europeo para o Desenvolvemento da Formación Profesional:

<http://www.cedefop.europa.eu/EN/>

VII Programa Marco: http://cordis.europa.eu/fp7/home_es.html

Actividades da Unión Europea: http://europa.eu/policies-activities/index_es.htm

Eurydice: <http://www.eurydice.org>

Servizos para os cidadáns:

Guías europeas xerais. Información sobre traballo, aloxamento e formación en Europa:
<http://ec.europa.eu/youreurope/nav/es/citizens/services/eu-guide/index.html>

European Employment Observatory (EEO).

Ten por obxecto promover o desenvolvemento da Estratexia Europea de Emprego (EEE) mediante a proporción de información, produción e difusión de análises e investigacións de temas de interese para a política do emprego e do mercado laboral dos estados membros da Unión Europea.

<http://www.eu-employment-observatory.net/>

The European Training Foundation.

Promove a cooperación e asistencia á Comisión Europea, aos países socios da Unión Europea e aos seus Estados membros no campo da reforma da educación, da formación e dos sistemas de mercado laboral no contexto dos instrumentos de política exterior da UE:

<http://www.etf.eu.int/etfweb.nsf>

Busca de socios

<http://partnersearch.ua.gov.tr>

<http://www.globalgateway.org.uk/default.aspx?page=7>

3.3 PROXECTOS LINGÜÍSTICOS

PORTFOLIO EUROPEO DAS LINGUAS

O Portfolio Europeo das Linguas (PEL) é un documento persoal promovido polo Consello de Europa no que os que aprenden ou xa aprenderan unha lingua – na escola ou fóra dela - poden rexistrar as súas experiencias de aprendizaxe de linguas e culturas e reflexionar sobre elas. O PEL consta de tres partes: Pasaporte de Linguas, Biografía Lingüística e Dossier e serve para animar a todos a aprender máis linguas ao longo de toda a vida, para facilitar a mobilidade en Europa e para favorecer o entendemento e a tolerancia entre os cidadáns de Europa.

Destinatarios

Centros de Educación Infantil, Primaria, Secundaria, Formación Profesional e Escolas Oficiais de Idiomas.

3.4 PROXECTO eTWINNING

O proxecto *eTwinning* é unha iniciativa que fomenta o establecemento de irmandamentos escolares e o desenvolvemento de proxectos de colaboración a través de Internet entre dous ou máis centros de países europeos diferentes sobre calquera tema acordado polos participantes. Comezou no ano 2005 como unha parte fundamental do programa “*eLearning*” e dende 2007 está integrado no “*Programa de Aprendizaxe Permanente*” como medida de acompañamento de *Comenius*. Como tal, é unha acción descentralizada e, polo tanto, non necesariamente coordinada polas *Axencias Nacionais do Programa de Aprendizaxe Permanente*. *eTwinning* está organizado a nivel europeo polo *Servizo Central de Apoio* (SCA), con sede en Bruxelas (www.etwinning.net) e a nivel nacional está coordinado polos respectivos *Servizos Nacionais de Apoio*. En España, o *Servizo Nacional de Apoio* (SNA) está integrado no Instituto de Tecnoloxías Educativas do Ministerio de Educación en coordinación con todas as Comunidades Autónomas (www.etwinning.es).

Dúas das características máis valoradas de *eTwinning* son a ausencia de requisitos burocráticos e a flexibilidade. Todos os documentos administrativos que deben encherse en *eTwinning* fanse en liña e limítanse ao rexistro como usuario e á posterior inscrición do proxecto. O Servizo Nacional de Apoio e as Comunidades Autónomas comprobaban e validan os datos. A partir de aquí, non hai máis formularios que encher obrigatoriamente, nin de xustificación de gastos, nin memorias. *eTwinning* non está suxeito a convocatorias nin prazos.

A flexibilidade da que falamos permite un amplo abano de posibilidades, tanto nas materias e áreas traballadas como nas persoas participantes.

Os perfís dos participantes tamén son variados. Entre outras combinacións, temos:

1. **Profesores e grupos de alumnos:** É o tipo de proxecto máis común en *eTwinning*. Dous profesores de centros distintos pónense de acordo para desenvolver de forma conxunta determinados aspectos do currículo.
2. **Grupos de profesores:** Un grupo de profesores con intereses comúns (materias, proxectos europeos, temas trasversais...) reúnen nun proxecto e comparten información, materiais, debates, etc. no espazo colaborador común (*TwinSpace*).
3. **Equipos directivos, orientadores, responsables de bibliotecas:** Os membros destes equipos poden encontrar colegas europeos mediante o buscador de socios e iniciar proxectos comúns que traballen os seus respectivos ámbitos de actuación.

4

Formación en centros

Plan
Anual
de Formación
do Profesorado

2011

2012



4.1 Proxectos de formación e asesoramento en centros. 2011-2012

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como responsable da planificación da formación do profesorado, prevé a convocatoria de proxectos de formación e asesoramento do profesorado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso 2011–2012, como modalidade fundamental de formación do profesorado que se desenvolve nos propios centros educativos, para fomentar a súa autonomía pedagóxica e organizativa, favorecendo e estimulando o traballo en equipo dos profesores e profesoras.

Esta modalidade está dirixida a propiciar e facilitar a innovación e a mellora da práctica docente en e desde o propio centro educativo, de modo que incida na mellora da educación atendendo aos aspectos curriculares, organizativos e funcionais derivados do desenvolvemento da LOE.

Isto supón a participación do profesorado no deseño da súa propia formación, desde unha perspectiva de equipo e en función dun proxecto conxunto, co obxectivo de:

- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado, propiciando a consecución do modelo de centro que desenvolva todas as dimensións da práctica educativa.
- Dar resposta ás necesidades de formación do profesorado para o desenvolvemento do proxecto Abalar.
- Fomentar a formación do profesorado nas competencias profesionais para abordar con eficacia as distintas situacións do proceso de ensino e aprendizaxe e no desenvolvemento das funcións que o profesorado debe desempeñar nunha sociedade complexa e en permanente cambio.
- Establecer liñas prioritarias de traballo e de toma de decisións para a mellora consensuada da educación do alumnado e do funcionamento do centro, así como para a planificación, posta en práctica e avaliación de accións que repercutan na mellora da calidade dos procesos curriculares e organizativos.
- Promover a formación dos equipos docentes a través do traballo colaborativo e do fomento da súa autonomía, partindo da experiencia e da capacidade do profesorado.

En consecuencia, coa finalidade de facilitar o desenvolvemento desta formación nos propios centros docentes, procede facer pública a oportuna convocatoria de acordo coas seguintes bases:

Primeira. Obxecto

1. Convocar proxectos de formación e asesoramento nos centros de todos os niveis educativos, agás o universitario, para impulsar proxectos institucionais de centro que nazan da identificación dunha área de mellora, a partir da detección de necesidades e da autoavaliación da súa práctica, con participación de toda a comunidade educativa.

O establecemento da área de mellora, mediante procesos de identificación, clasificación, categorización e formulación, será realizada polo profesorado do centro educativo, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e/ou da persoa coordinadora de formación do centro e contará coa colaboración do asesor ou asesora de referencia do Centro de formación e recursos.

Deberá atender a aspectos xerais dos ámbitos curricular, organizativo e de investigación educativa que definan o modelo de centro e contar co compromiso de implantación ou aplicación para propiciar o cambio e a innovación, polo que deberá estar informado o claustro.

O proxecto de traballo será elaborado polo grupo de participantes, dirixido polo coordinador ou coordinadora, coa colaboración do equipo directivo, do asesor ou asesora do Centro de formación e recursos e, de ser o caso, do experto ou equipo de expertos externos que vaian impartir docencia no proxecto.

2. Convocar proxectos de formación e asesoramento específicos para centros Abalar que, seguindo o proceso descrito no apartado 1, atenda aos obxectivos e temática do proxecto Abalar para propiciar a incorporación das tecnoloxías da comunicación na aula. A solicitude de participación realizarase atendendo a modalidade que corresponda:
 - **Modalidade 2A.** Proxectos de formación e asesoramento para centros que se incorporan no curso 20011-12 á Rede Abalar
 - **Modalidade 2B.** Proxectos de formación e asesoramento para centros que xa pertencían en cursos anteriores á Rede Abalar.

Segunda. Destinatarios

Poderán participar nesta convocatoria polo apartado 1 os centros educativos sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios que libremente o decidan.

Poderán participar polo apartado 2 os centros educativos sostidos con fondos públicos pertencentes á Rede Abalar.

- **Modalidade 2A:** os centros que neste curso se incorporen á Rede Abalar para os que será obrigatoria a participación no proxecto de formación e asesoramento de todo o profesorado que imparta docencia a alumnado de aulas Abalar.
- **Modalidade 2B:** poderán participar os centros que xa pertencían á Rede Abalar en cursos anteriores. Deberán participar polo menos os dous terzos do profesorado que imparta docencia a alumnado da Rede Abalar.

Terceira. Duración

A duración do proxecto de formación e asesoramento será dun mínimo de 30 horas e un máximo de 50 durante o curso académico 2011–2012.

Cuarta. Preinscrición e prazos

Os centros educativos interesados deberán comunicarlle ao Centro de formación e recursos correspondente, por correo electrónico, fax ou correo postal, o seu propósito de participar na convocatoria mediante a preinscrición (Anexo I) ata o 30 de setembro para poder realizar, coa intervención deste, a delimitación do tema e a elaboración do proxecto.

Os centros Abalar interesados en participar farano constar na solicitude, así como a modalidade pola que participan, e especificarán que o proxecto versará sobre a temática específica do Proxecto de formación de centro Abalar .

A presentación da solicitude de participación, segundo o modelo do anexo II, e a documentación complementaria, realizarase no Centro de formación e recursos correspondente ao centro educativo ata o 14 de outubro de 2011.

Como norma, un centro que teña concedido un proxecto non poderá participar noutro proxecto de formación e asesoramento en centros no mesmo curso académico.

Quinta. Solicitude .Documentación

A solicitude de participación deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Relación do profesorado comprometido no proxecto, segundo o punto 4 do modelo de solicitude (Anexo II). O número de participantes será do 50% de membro do claustro, agás nos casos nos que a Comisión de selección considere xustificado reducir o número mínimo dos mesmos.

No caso de proxectos Abalar da modalidade 2A, deberá figurar todo o profesorado que imparta docencia a alumnado Abalar

No caso de proxectos Abalar da modalidade 2B, deberán figurar polo menos os dous terzos do profesorado que imparta docencia a alumnado da Rede Abalar.

- Proxecto, no que se desenvolvan os puntos recollidos no Anexo III, segundo o apartado e modalidade pola que participen.
- Certificación de que foi informado o claustro.

A documentación á que fai referencia este apartado presentarase en soporte papel e informático.

Sexta. Comisión de selección

A selección será realizada en cada Centro de formación e recursos por unha comisión integrada por:

- O inspector ou inspectora do Centro de formación e recursos, que actuará como presidente.
- O director ou directora do Centro de formación e recursos.
- O secretario ou secretaria do Centro de formación e recursos, que actuará como secretario ou secretaria da comisión.
- Dúas persoas asesoras de formación propostas pola dirección do centro.

Son funcións da comisión de selección:

- Seleccionar e aprobar os proxectos presentados que cumpran os requisitos e criterios establecidos na presente convocatoria.
- Velar para que se cumpran as condicións establecidas na aprobación definitiva.
- Resolver sobre a continuidade daqueles proxectos dos que do seguimento se deduza que non se axustan ás condición de aprobación.
- Informar á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da marcha dos diferentes proxectos de formación e asesoramento en centros, cando sexa requirido por esta.
- Avaliar e propoñer a certificación da formación dos participantes unha vez concluído o proxecto, entregada a memoria final e valorada positivamente

Sétima. Selección

A comisión de selección, no prazo de 20 días naturais a partir do seguinte ao de finalización do prazo de presentación, unha vez analizadas as solicitudes recibidas e os informes elaborados polos asesores e asesoras responsables do proxecto,

realizará a selección e aprobación dos proxectos de formación e asesoramento en centros que, cumprindo os requisitos mencionados na base quinta desta convocatoria, se axusten aos seguintes criterios:

- Coherencia entre obxectivos, contidos, actividades, metodoloxía e procesos de avaliación, así como concreción de todos os aspectos citados.
- Relevancia innovadora do proxecto e repercusión na práctica do centro educativo.
- Adecuación da metodoloxía proposta.
- Viabilidade do plan de traballo previsto.
- Adecuación e coherencia na proposta de organización temporal e dos recursos humanos e materiais.
- Coherencia coa temática na que se debe encadrar o proxecto de formación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Oitava. Resolución da convocatoria

A resolución da convocatoria, coa relación de proxectos aprobados, denegados e excluídos, farase pública no taboleiro de anuncios do Centro de formación e recursos e comunicaráselle por escrito á persoa coordinadora de cada un dos proxectos. No caso dos proxectos excluídos ou denegados, figurarán explicitamente as causas correspondentes.

Contra esta resolución, os centros interesados poderán presentar as oportunas alegacións no Centro de formación e recursos perante o presidente ou presidenta da comisión de selección no prazo de 10 días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Unha vez resolta a convocatoria, non se admitirán modificacións na relación de participantes.

Novena. Dotación e xestión económica

O proxecto contará cun orzamento para o seu desenvolvemento, polo que virá acompañado da correspondente proposta, segundo os seguintes conceptos:

- Docencia ou intervención/dirección de persoas expertas non destinadas no Centro de formación e recursos ou no propio centro educativo. Como norma xeral, esta non poderá exceder do 30 % das horas previstas para o desenvolvemento do proxecto

Nos proxectos Abalar, a docencia, que poderá ser impartida por profesorado con destino no centro, acadará como máximo o 40% do total das horas previstas para desenvolver o proxecto.

- Material funxible e bibliografía.
- Desprazamentos (cando sexan necesarios para o desenvolvemento dalgunha actividade).

En todo caso, a dotación económica do proxecto de formación e asesoramento en centros non poderá exceder dos 1.200 euros e deberá constar expresamente que non se recibiu nin se solicitará ningunha outra axuda económica.

A xestión económica dos proxectos de formación e asesoramento en centros realizaraa a persoa asesora responsable de cada proxecto en cada Centro de formación e recursos, con cargo ao orzamento do plan de formación, agás os proxectos específicos para centros Abalar, que irán con cargo ao presuposto do proxecto Abalar.

Décima. Coordinación e asesoramento

A persoa coordinadora do proxecto terá, entre outras, as seguintes funcións: organizar o traballo do grupo, convocar, dirixir e comprobar a asistencia ás reunións, coordinar a avaliación do proxecto, así como a elaboración dos materiais e a presentación da memoria final. Para iso levantará acta, no programa de xestión (www.edu.xunta.es/fprofe), das reunións de traballo que se celebren no desenvolvemento do proxecto, así como todos aqueles formularios e documentos requiridos polo Sistema de Xestión da Formación do Profesorado (www.edu.xunta.es/fprofe).

A persoa coordinadora dos proxectos Abalar será o coordinador/a Abalar do centro.

O Centro de formación e recursos ofrecerá apoio e asesoramento. Para tal efecto, a persoa asesora responsable deberá asistir ás sesións de traballo do grupo que considere oportunas e especialmente aos relatorios impartidos por persoas expertas alleas ao centro.

Así mesmo, a persoa asesora será a responsable da selección e proposta das persoas expertas externas que poderán participar tanto na elaboración do proxecto escrito e no desenvolvemento del, como impartindo os módulos formativos acordados, segundo os casos, así como no proceso de avaliación final do proxecto.

Décimo primeira. Seguimento

Correspóndelle á comisión de selección prevista na base sexta o seguimento do desenvolvemento do proxecto.

A persoa asesora responsable de cada proxecto elaborará un informe de seguimento antes das reunións da comisión de selección.

Décimo segunda. Memoria final.

As persoas coordinadoras dos proxectos presentarán unha memoria final ao remate do proceso axustada ao modelo do Anexo IV desta convocatoria. Esta será entregada en soporte informático.

A data límite de entrega da memoria final no Centro de formación e recursos correspondente será o 1 de xuño de 2012.

Décimo terceira. Avaliación final.

A avaliación de cada proxecto de formación e asesoramento en centros será competencia da comisión de selección.

As persoas asesoras responsables de cada proxecto deberán elaborar un informe final relativo ao desenvolvemento do mesmo e da memoria final presentada.

A comisión de selección contará con estes informes para avaliar a memoria final e proporlle á dirección do Centro de formación e recursos o número de horas acordadas para cada proxecto, para os efectos de certificación.

Non poderá propoñer para a certificación ao profesorado que non asistise ao 85% da duración do proxecto, segundo a lexislación vixente.

Décimo cuarta. Certificación

A dirección do Centro de formación e recursos correspondente expediralle ao profesorado participante o certificado acreditativo da súa participación no proxecto de formación e asesoramento en centros. No certificado constará se foi participante ou persoa coordinadora e o número de horas realizadas, proposto pola comisión de selección na acta de avaliación final do proxecto, sen superar en ningún caso un máximo de 50 horas.

Nos Proxectos Abalar, se unha persoa participante ou coordinadora actuara ademais como relatora, a expedición dos correspondentes certificados axustarase á normativa vixente.

Décimo quinta. Difusión e publicación de materiais.

Os materiais elaborados nos diferentes proxectos poderán ser difundidos pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa a través da rede de Centros de formación e recursos e do portal educativo.

Se o centro educativo decide publicar os materiais, deberá axustarse á normativa vixente, tanto na orixinalidade dos materiais como no uso das imaxes. Deberá , tamén, facer constar que tivo subvención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e incluír o logotipo.

Para obter o logotipo: <http://www.xunta.es/composicion-con-presidencia-e-consellerias>

Os materiais elaborados estarán suxeitos á licenza creative commons by-nc-sa.



Recoñecemento - NonComercial - Compartir igual (by-nc-sa):

Non se permite un uso comercial da obra orixinal nin das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

para máis información: <http://www.edu.xunta.es/web/node/2562>

ANEXO I. PREINSCRICIÓN

A xefatura de estudos do centro cuxos datos se relacionan

Nome do centro:		
Enderezo:		
Localidade:		Código postal:
Concello:		
Correo electrónico:	@edu.xunta.es	Teléfono:
Tipo de centro:	Público: <input type="checkbox"/>	Privado concertado: <input type="checkbox"/>
	Proxecto Abalar modalidade A: <input type="checkbox"/>	Proxecto Abalar modalidade B: <input type="checkbox"/>
Número total de profesorado do centro:		
Número total de profesorado que podería estar implicado:		
Tema previsto:		

COMUNICA o interese do centro en participar na convocatoria de proxectos de formación e asesoramento en centros realizada polo Centro de formación e recursos, para o curso académico 2011-2012 e solicita a colaboración do mesmo na elaboración do proxecto.

_____, ____ de _____ de 20__

Asdo: _____

Vº. e prace
O/A director/a do centro
(*sinatura e selo*)

Asdo: _____

Dirección do Centro de Formación e Recursos de _____

ANEXO II. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

1. Título do proxecto de formación e asesoramento en centros:

--

2. Centro:

Nome do centro:	
Enderezo:	
Localidade:	Código postal:
Concello:	Teléfono:
Correo electrónico:	@edu.xunta.es
